

Galicia Juan Viaño: «Vou ter ante todo un perfil académico, é o máis importante nunha universidade»

Santiago opta polo catedrático de Matemáticas por 25 votos ponderados

[Juan Capeáns](#)

Santiago / La Voz 26 de abril de 2014 05:41



17 Juan Viaño celebra su victoria tras el ajustadísimo recuento XOAN A. SOLER



• Juan Viaño, durante la votación SANDRA ALONSO

Juan Viaño Rey (Boqueixón, 1955) será o reitor da Universidade de Santiago (USC) os próximos catro anos. O catedrático de Matemática Aplicada afinou as contas e axustou ata gañar a Antonio López. 50,53 % contra 49,47 %. En votos ponderados, 25 de diferenza.

-¡Polos pelos!

-Contabamos con gañar por pouca diferenza, pero isto foi moi pero que moi axustado, con moito suspense.

-¿Cal foi a clave?

-O voto dos estudantes.

-Toca traballar. ¿Pesará máis o perfil político ou o de economista e xestor nestes primeiros meses?

-Vou ter ante todo un perfil académico, é o máis importante para unha universidade. Temos que organizarnos máis para mellorar a docencia e a investigación, que é determinante. E queda a parte política, que consiste en obter un mellor financiamento público e intentar estratexias de consenso coas outras universidades galegas. O obxectivo é rescatar á USC da situación actual.

-Falou xa co seu rival.

-Si, falei con Antonio López e co reitor en funcións, Juan Casares, que tiveron a amabilidade de chamarme tan pronto saíron os resultados, xesto que agradezo. Confío na man tendida, solicítoa, e crearei as condicións para que esa comunicación exista e sexa boa para todos.

-¿Que é o primeiro que vai facer como reitor?

-Temos que elaborar uns orzamentos, levamos tres anos sen eles, e por iso temos que comezar a negociar e establecer pontes. Iso implica chamar a portas. Tamén penso que temos que facer un esforzo para dar a entender á sociedade que a formación dos nosos fillos é fundamental, eles serán os futuros profesionais.

-¿Quen ou que vai estar no centro da súa acción de goberno?

-Nós temos un gran compromiso co persoal. Hai certos colectivos que o están a pasar mal e temos certa preocupación pola reposición de docentes polas xubilacións. Iso pode poñer en risco o obxectivo básico das universidades, que é a transmisión do coñecemento, perdendo tamén nivel na investigación que tanto custou acadar.

-¿Como ve a USC en catro anos?

-Quero ver unha Universidade sen problemas económicos, co persoal satisfeito, con profesorado novo e cunha xestión máis eficaz para facernos máis visibles e internacionais.



Viaño pasou da decepción á euforia en minutos, os que levou contar o último 2 % de votos. X. a. Soler